



REDUCCIÓN COTA COLEXIAL 2º SEMESTRE 2017

O vindeiro día 1 de xullo poñeranse ao cobro os recibos correspondentes á cota de colexiación do segundo semestre do ano 2017. Aproveitade para comunicarnos calquera cambio nos vosos datos bancarios a fin de evitar devolucións de recibos.

Poden acollerse á **cota reducida** (30,00 euros) os colexiados/as que se atopen nalgunha das circunstancias seguintes e que o demostren adecuadamente no prazo que se indica:

➔ **Situación de desemprego.** Farán chegar ao Colexio (por carta a COBGA, Apartado de Correos 1130, 15780- SANTIAGO ou escaneado ao correo cotareducida@biologosdegalicia.org ou por fax ao nº 981-53 42 25) calquera dos seguintes documentos:

- **Documento Acreditativo da Renovación da Demanda de Emprego (DARDE)** que se pode descargar no servizo electrónico e que debe ter data de impresión das incluídas no prazo (2 de xuño ao 23 de xuño de 2017).

- **Informe de Situación Administrativa ou Informe de Períodos de Inscripción (Emitidos pola Oficina de Emprego ou Servizo de Colocación correspondente con data das incluídas no prazo.)**

Todos eles deben reflectir a situación de **ALTA** (Non é válido se a situación é de **Mellora de Emprego**.) Non se considerará ningún outro documento nin os Informes entregados con anterioridade.

➔ Os **pensionistas por xubilación ou invalidez**, presentando a acreditación correspondente.

IMPORTANTE: O prazo de recepción destes documentos remata o día 23 de xuño(23:59 horas).

Non se terán en conta os recibidos despois desa data. **Actuade con dilixencia e consultade calquera dúbida ao respecto para evitar situacións desagradables para todos. Grazas pola vosa atención.**